



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

XII MOSTRA DE PROMOCIÓN LOCAL DE CARNOTA VÍNDEMO VER

Convocatoria e información para instalar un posto/cantina no
Víndemo Ver 2025

O Concello de Carnota, en colaboración coa Deputación da Coruña organiza a **XII Mostra de Promoción Local Mercado da Deputación - Víndemo Ver**, co obxectivo de apoiar a comercialización do produto local e de proximidade, coa convocatoria dun máximo de 40 postos de venda directa.

A organización:

- Facilitará un posto de venda a cada participante agás o de cantinas e postos de comida elaborada que deberán encargarse eles mesmos da súa instalación.
- Encargarase da contratación dun servizo de vixilancia.
- Encargarase da publicidade da feira.
- Programará actividades complementarias que sirvan de reclamo para as persoas asistentes.
- Non se fará responsable do material exposto nin dos danos e perdas que poidan sufrir os produtos tanto en horario de feira como fóra dela.

O Concello declina toda responsabilidade no caso de que por causas alleas a súa vontade, acontecementos imprevistos ou de forza maior, variaran as circunstancias de desenvolvemento da feira ou se suspendese a súa celebración.

A participación na mostra obriga á aceptación destas condicións de participación e das decisións que adopte a organización na súa interpretación, ou en todos os aspectos non regulados especificamente.

2. DATAS E HORARIOS

A XII Mostra de Promoción Local "Víndemo Ver" do Concello de Carnota celebrarase dende o 17 ao 20 de abril de 2025. Dará comezo o xoves 17 de abril ás 17:00 h. O horario de atención nos postos será o seguinte:

- O xoves 17 de abril de 17:00 h a 20:30 h.
- O venres 18 e sábado 19 de abril de 11:00 h a 14:30 h e de 17:00 h a 20:30 h.
- O domingo 20 de abril de 11:00 h a 14:30 h.

3. ZONAS DE EXPOSICIÓN E VENDA

A feira desenvolverase na praza San Gregorio de Carnota (A Coruña).

CONCELLO DE CARNOTA



Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

4. SOLICITUDE E CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

A solicitude de participación presentarase mediante o formulario en liña dispoñible n seguinte enlace: <https://forms.gle/bniTaEfSdsCW7ram9> cubrindo todos os seus apartados, ou a través do rexistro do concello.

As solicitudes deberanse presentar antes das 23:59 horas do mércores 5 de marzo de 2025.

Pechado o prazo de solicitude, a organización comunicará ás persoas inscritas seleccionadas a súa aceptación para participar nesta nova edición.

5. SELECCIÓN

• DE POSTOS DE ARTESANÍA E PROXIMIDADE

Na selección dos expositores darase prioridade ás solicitudes con razón social no concello de Carnota e comarca. O resto de artesáns e artesás, ata completar os postos convocados, serán tradicionais populares da provincia da Coruña.

Ademais valorarase:

- ✓ A calidade, a singularidade e o carácter diferencial da produción.
- ✓ A variedade de oficios representados na feira.
- ✓ A presenza dos titulares á fronte do seu posto durante a feira.
- ✓ O ofrecemento de realización de obradoiros para o público.

• DE CANTINAS

Na selección das cantinas terán prioridade sobre todas as solicitudes as asociacións culturais do concello de Carnota e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- ✓ O servizo prestarase no horario da mostra e mais no dos concertos nocturnos.
- ✓ A entidade que preste o servizo ofertará un grupo de música (Chiña) o xoves á noite.
- ✓ Farase cargo dos aperitivos da actuacións musicais voluntarias do sábado ao mediodía.

• POSTOS DE COMIDA AMBULANTE

O servizo prestarase no horario da mostra e mais no dos concertos nocturnos.

Deberán presentar, xunto coa solicitude de participación, a documentación esixida por Sanidade.

No caso de que o número de solicitudes correspondentes ás cantinas e postos ambulantes excedan do número necesario para prestar o servizo durante a mostra, (sempre que as solicitudes foran presentadas en tempo e forma e cumpran cos



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

requisitos contemplados anteriormente), realizarase un sorteo. A data de celebración do dito sorteo comunicáraselle as persoas que realizaron a solicitude.

A organización resérvase o criterio de aceptación dos participantes, como o dereito da expulsión de calquera participante que altere o normal funcionamento da mostra e a convivencia entre artesáns, público e organización, así como, a súa distribución na zona de venda.

Os participantes deberán asistir á feira caracterizados e decorar o seu posto acorde á temática da mostra, que este ano xirará arredor do Mar de Ardora de principios do 1900.

6. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Para a realización de consultas e aclaracións de dúbidas, as persoas interesadas poden dirixirse por escrito ao correo electrónico de **desenvolvimento.local@carnota.gal**

Carnota, a **de febreiro de 2025.**

Juan Manuel Saborido Rama